

NORMA TÉCNICA SOBRE OS INFORMES ADICIONAIS AO DE AUDITORÍA DE CONTAS EMITIDO POLA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Os plans de control financeiro e os pregos de contratación de asistencias técnicas de auditoría, elaborados pola Intervención Xeral da CA veñen facendo referencia no marco dos informes de auditoría de contas anuais emitidos por este centro fiscal, á elaboración, como resultado da auditoría de contas, de dous informes diferenciados:

- ❑ Informe de auditoría das contas anuais, con unha estrutura, contido e tramitación que é obxecto de desenvolvemento na Norma Técnica sobre os informes de auditoría das contas anuais emitidos pola IGAE
- ❑ Informe adicional ao de auditoría de contas anuais

O desenvolvemento dun marco conceptual da Auditoría Pública cuxos obxectivos son máis amplos que os derivados dunha auditoría de contas no sector privado, determina a necesidade de que o auditor elabore un informe adicional ao de auditoría de contas anuais.

Faise pois preciso regular especificamente por unha Norma Técnica os obxectivos, alcance e contido deste informe.

1.2. O informe adicional debe conter os resultados obtidos mediante a aplicación de procedementos de auditoría deseñados co obxectivo de emitir opinión sobre as contas anuais da entidade que non teñan cabida no informe de auditoría de contas anuais. Neste sentido, no devandito informe adicional, débense expoñer os resultados relevantes que se deduciran da aplicación dos procedementos necesarios para efectuar a auditoría de contas e que non afecten á imaxe fiel das contas anuais da entidade. Neste informe débense incluír as debilidades de control interno contable e os erros ou incumprimentos da normativa contable e orzamentaria que non afecten pola súa materialidade á representatividade das contas.

Por outra parte, tendo en conta a importancia que no ámbito público debe ter o cumprimento da normativa e a adecuación da xestión económica pública aos principios de boa xestión financeira, o informe adicional ao de auditoría de contas debe poñer de manifesto calquera incumprimento da normativa que se considere relevante, así como as ineficiencias que se detecten ao realizar o traballo deseñado para emitir opinión das contas anuais, sen prexuízo de que nos casos así establecidos se actúe conforme ao previsto no artigo 124 do TRLRFO (DL 1/99, de 7 de outubro).

En función dos resultados obtidos, o auditor poderá estender o alcance da auditoría e, en consecuencia, perseguir obxectivos e utilizar procedementos de auditoría adicionais complementarios aos que fosen estritamente necesarios para emitir opinión sobre as contas.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente norma é aplicable ás auditorías de contas anuais efectuadas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en execución das competencias que ten legalmente atribuídas.

O informe adicional terá carácter obrigatorio cando no desenvolvemento da auditoría de contas se detecten incumprimentos da legalidade, defectos de xestión ou debilidades significativas de control interno que polas súas características non teñan cabida no informe de auditoría de contas.

No resto dos casos, á vista dos resultados da auditoría de contas realizadas con medios propios ou alleos polo servizo da Intervención Autonómica que corresponda, decidírase a emisión do informe adicional polo Interventor Xeral da Comunidade Autónoma.

Cando a auditoría de contas se realice polo Interventor Delegado no servizo, organismo ou programa auditado, que está en réxime de control financeiro permanente, o órgano de control omitirá a realización do informe adicional, sen prexuízo de que esta norma, constitúa un marco de referencia para determinar a información que, en calquera caso, debe conter o informe de control financeiro permanente. Neste sentido, para os informes emitidos sobre as devanditas entidades terán carácter obrigatorio os contidos establecidos nos apartados 3.4.1, 3.4.2, e 3.4.3 da presente Norma Técnica.

Nos entes de dereito público, sociedades, fundacións ou demais entidades para as que se prevexa no Plan de auditorías e actuacións de control financeiro un informe de auditoría de cumprimento e operativa, dito informe substituirá ao informe adicional, salvo que en función do alcance da devandita auditoría de cumprimento e operativa a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma determine a súa emisión.

3. ESTRUCTURA E CONTIDO DO INFORME ADICIONAL

Todo informe levará o correspondente título que identifique a súa natureza -Informe adicional ao de auditoría das Contas Anuais-, denominación do ente público auditado, exercicio a que corresponde a auditoría e órgano de control que realizou o traballo ou para o que se realiza o traballo.

A estrutura do informe adicional constará dos seguintes apartados, co contido básico que para cada un deles se indica, no anexo recóllese un modelo de informe adicional:

3.1. Introducción

Indícarase neste apartado a competencia para realizar a auditoría, o órgano que a realiza e emite o informe e o carácter de adicional ao de auditoría de contas.

Farase referencia a que o traballo se realizou de acordo coas Normas de Auditoría do Sector Público e nos termos establecidos na Norma técnica sobre os informes de auditoría das contas anuais.

Ademais, no informe definitivo farase mención expresa do envío do informe provisional ao ente auditado, da recepción ou non de alegacións e, no seu caso, referencia ao apartado onde figuran as observacións do órgano de control ás mesmas.

3.2. Consideracións xerais

Apartado destinado a describir brevemente, e en caso de consideralo necesario, a actividade que realiza a entidade auditada, a normativa reguladora aplicable e aqueles outros aspectos que se consideren relevantes.

3.3. Obxectivos e Alcance do traballo

Incluirase un parágrafo no que se explicará que, se ben os procedementos de auditoría foron deseñados exclusivamente para emitir opinión sobre as contas, da súa aplicación se deduciron resultados significativos dende a perspectiva do control interno, da legalidade e da xestión económica financeira. Así mesmo indicárase que ditos resultados se recollen no informe adicional sen que caiba inferir pronunciamento ningún sobre feitos ou situacións diferentes dos que se describan neste.

No caso de que o auditor ampliara o alcance da auditoría de contas para verificar outros obxectivos máis amplos, estes indicáranse polo miúdo, efectuando se é preciso, unha referencia ao apartado de resultados do traballo no cal se ofrecerá un maior detalle.

Neste apartado indicáranse as limitacións que se produciran no traballo desenvolvido, ou efectuarase unha referencia á súa non existencia. Cando as limitacións ao alcance se deriven de deficiencias no procedemento administrativo, estas detallaranse así mesmo na sección de resultados.

3.4. Resultados

A exposición dos resultados debe ser clara, sistemática e sintética co obxecto de facilitar aos destinatarios do informe a axeitada comprensión e valoración do seu contido. O informe debe conter suficiente información sobre as incidencias detectadas, se ben se debe evitar un detalle excesivo que dificulte a súa comprensión. Neste sentido, cando se considere que a algún dos destinatarios do informe pódelle ser de utilidade un maior detalle, poderanse achegar anexos.

Os resultados significativos obtidos no traballo desenvolvido estruturaránse por epígrafes. En xeral, estes epígrafes serán as áreas que se definiran para facer o traballo de campo da auditoría de contas. Noutros casos, os epígrafes serán áreas que coincidirán con áreas de actividade da entidade auditada.

En función do contido a incluír en cada un dos epígrafes definidos, estes poderanse subdividir en apartados co obxecto de lograr unha mellor sistemática na exposición, de xeito que se recollan de forma separada distintos aspectos da actividade que foi obxecto de análise. Dentro dos epígrafes definidos recolleranse os resultados obtidos respecto da análise dos procedementos e sistemas de control interno, do cumprimento de legalidade e outros aspectos de xestión que se consideren relevantes.

Incluirase tamén un epígrafe no que se realice unha análise orzamentaria e económica financeira das magnitudes orzamentarias e financeiras da entidade e da súa evolución.

En todo caso, o contido dos mencionados epígrafes non debe ser unha descrición das probas realizadas ou do procedemento de mostraxe utilizada, senón as conclusións obtidas respecto das situacións e operacións analizadas. Non obstante, en determinados casos pode ser necesario ofrecer información que permita valorar a importancia das incidencias detectadas.

Cando as incidencias detectadas teñan especial relevancia, como incumprimentos graves da legalidade ou defectos importantes de xestión, débese ofrecer a máxima información sobre estes.

Sen prexuízo de que a exposición dentro do apartado de resultados poida ser diferente en función das características da entidade auditada e do alcance do traballo, a continuación establécense pautas xerais sobre os contidos que se poden incluír no devandito apartado.

3.4.1 Análise dos procedementos e sistemas de control interno.

En relación coa información obtida no traballo de auditoría de contas sobre os procedementos administrativos establecidos polo xestor e a súa aplicación, así como a súa adecuación á lexislación vixente, deberanse incluír no informe os resultados máis significativos que se deduciron da análise efectuada.

Comentaranse as súas posibles deficiencias e propóranse, cando sexa posible, as medidas correctoras pertinentes ou a substitución do procedemento de acordo cos principios xerais da boa xestión.

Entre outros aspectos poderanse incluír os resultados máis significativos en relación a:

- Análise do procedemento e normativa de concesión de subvencións e préstamos.
- Avaliación do sistema de control interno da entidade relativo ao circuíto financeiro de ingresos (liquidación, recadación e xestión de impagados).
- Análise do grao de cumprimento da lexislación aplicable en materia de contratación administrativa, así como a adecuación dos procedementos utilizados aos principios de boa xestión financeira.
- Verificación do cumprimento da legalidade en materia de persoal.

3.4.2 Análise do proceso de elaboración da información contable

Deben recollese aquelas cuestións relativas á contabilidade da entidade (modelo, sistemas e procedementos) que teñan transcendencia e que, sendo ou non significativas en canto ás contas anuais, a súa modificación ou adecuación poida contribuír a mellorar a información que se desprende dos seus estados financeiros e a unha mellor aplicación dos principios e normas contables.

Deben valorarse, entre outros aspectos, a existencia dunha axeitada segregación e distribución de funcións, se os trámites a seguir son os mínimos, se os rexistros de consulta son os axeitados.

Debe efectuarse unha referencia á opinión formulada no informe de auditoría de contas e, se é o caso, de forma sucinta, ás salvedades nel incluídas.

Co obxecto de achegar unha maior información aos destinatarios do informe sobre o grao de fiabilidade da información contable, incluíranse aqueles incumprimentos dos principios e normas contables que non deran lugar a salvedades no informe de auditoría de contas debido á súa importancia relativa.

A xuízo do auditor poderanse expoñer os incumprimentos da normativa contable corrixidos como consecuencia do traballo de auditoría cando estes foron moi relevantes ou se producen de forma reiterada en exercicios sucesivos.

3.4.3 Análise orzamentaria e económica financeira

Debe verificarse o grao de cumprimento das regras, normas e principios incluídos no Texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, as Leis anuais de Orzamentos e a normativa orzamentaria específica de cada entidade. Por outra banda, considerando a actividade principal da entidade e atendendo á súa natureza xurídica e o seu réxime económico financeiro, serán obxecto de análise aqueles aspectos que teñan maior incidencia tanto nas contas anuais auditadas como na proxección financeira da entidade nun prazo de tempo razoable.

Tendo en conta o anterior analizaranse as magnitudes orzamentarias e económico financeiras que se deducen das contas anuais da entidade, así como a súa evolución nos últimos exercicios, co obxecto de facilitar información relativa:

A adecuación da presupostación e execución orzamentaria

Composición das masas patrimoniais

Estrutura de gastos da entidade.

Cadro de persoal e gastos de persoal.

Grao de autofinanciamento da entidade.

Grao de liquidez e no seu caso, rendibilidade dos excedentes de tesourería.

Endebedamento e composición.

1. Nas entidades cuxo réxime económico financeiro é de presuposto limitativo debe efectuarse unha análise da xestión orzamentaria que proporcione información sobre a execución deste mediante a análise a través de ratios e cadros comparativos de distintas magnitudes orzamentarias que se consideren axeitadas en cada caso. Farase especial énfase nas desviacións sobre os presupostos iniciais, verificando se as devanditas variacións derivan de circunstancias sobrevidas ou dunha errónea presupostación.

Así mesmo, detallaranse os incumprimentos da normativa orzamentaria.

Se estes foron incluídos no informe de auditoría de contas, describiranse de forma sucinta efectuando unha referencia ao devandito informe.

2. Nas entidades en que o presuposto é estimativo valorarase a coherencia dos datos que figuran nos orzamentos de explotación e de capital cos datos da execución real, achegando información sobre as causas das desviacións.

En todo caso deberá efectuarse unha análise e seguimento do modelo de planificación que teña a entidade ou sobre os Programas de Actuación plurianuais e a súa comparación co realizado. Así mesmo, cando sexa posible, tratarase de verificar a coherencia dos datos que nestes figuran coa evolución previsible da situación económica da entidade.

3.5. Resumo de Conclusións e Recomendacións

Farase referencia aos aspectos máis significativos dos resultados obtidos reflectindo de forma sucinta as conclusións que se deduzan destes.

Igualmente incluíranse as recomendacións e, en particular, no caso de deficiencias ou debilidades de control interno proporáanse as medidas que debe adoptar a entidade para corrixilas.

3.6. Alegacións da entidade auditada no trámite de audiencia

Cando a entidade pública auditada formule alegacións ao informe provisional, estas achegaranse ao informe definitivo.

As alegacións, serán avaliadas e cando do seu contido e importancia se derive a necesidade de modificar o informe provisional, deberán suprimirse ou substituírse os aspectos afectados, logo de obtención de evidencia que soporte o cambio de posición, en informe definitivo.

3.7. Observacións ás alegacións

Cando á vista das alegacións recibidas, o auditor considere necesario modificar o informe ou efectuar algunha matización aos feitos postos de manifesto, incluírase un apartado independente denominado "observacións ás alegacións", no que, de forma concisa e motivada, se exporá a opinión do órgano de control. Estas observacións deberán ser asinadas polo Auditor que realice o informe e levar o visto bo do Subdirector Xeral competente en materia de control financeiro que corresponda da IXCA, ou do Interventor Delegado no seu caso.

Cando a xuízo do auditor a información e documentación achegada nas alegacións non deba orixinar modificacións sobre o exposto no informe provisional, farase constar esta circunstancia no apartado de "observacións ás alegacións".

En todo caso, o auditor deberá expoñer as razóns polas que non acepta as alegacións da entidade, sempre que nestas se conteñan argumentos que rebatan as conclusións do informe.

4. TRAMITACIÓN DO INFORME ADICIONAL

O órgano de control emitirá un informe provisional, especificando nas súas páxinas tal condición, co contido exposto no epígrafe 3 desta Norma.

No escrito de remisión á entidade auditada farase constar que dispón dun prazo de 15 días hábiles, dende a súa recepción, para formular as alegacións ou observacións que considere convenientes. O devandito prazo, logo de petición escrita da entidade auditada, poderá ser prorrogado de acordo co previsto na Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

Os informes definitivos emitiranse nun prazo non superior a tres meses dende a data de emisión do informe de auditoría de contas e remitiranse aos órganos aos que contempla o TRLRFO.

O informe debe estar datado sendo a data do informe a do momento final da súa elaboración.

Ambos os dous informes, provisional e definitivo deben ir asinados polo auditor que os realizara e co visto bo do xefe da dependencia de intervención que os realice (Subdirector Xeral competente en materia de control financeiro que corresponda da IXCA, ou Interventor Delegado no seu caso).

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2007

A INTERVENTORA XERAL
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Marta Fernández Currás